

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 8 de xullo de 2021 e extraordinaria do día 18 de novembro de 2021.
2. Aprazar ata o próximo ano o solemne acto de nomeamento do Prof. Dr. Luis Martín Rebollo como Membro Honorífico do Claustro de Profesores e contactar coas áreas que corresponda a fin de consensuar unha nova proposta para elevar á Xunta de Facultade e que se poida facer efectiva no acto de graduación do vindeiro 17 de xuño.
3. Aprobar a presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso académico 2023-24.
4. Aprobar a presentación da declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía para a súa adaptación, se é preciso, á reforma da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pendente de desenvolvemento regulamentario e delegar na coordinadora académica da titulación a competencia para incorporar a documentación complementaria que proceda.
5. Aprobar os criterios de reparto das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade de Dereito (número de créditos das materias de formación básica e obrigatorias e número de persoal investigador a tempo completo adscrito ao centro).
6. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - A aprobación da memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2021.
 - A aprobación das contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade aplicando os criterios de reparto aprobados pola Xunta de Facultade.
 - A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2022.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 11 de febreiro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 14 de febreiro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.